

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO CONSELLO PROVINCIAL DE PESCA CONTINENTAL DE LUGO DO DÍA 14 DE OUTUBRO DE 2021

LUGAR Sala Muralla do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia-Lugo para o persoal desta consellería e en modalidade videoconferencia para o resto de participantes

DATA: 14.10.2020

HORA DE COMEZO: 12:30 h

HORA DE REMATE: 14:05

Membros, invitados e asistentes:

Presidenta do Consello:

Margarita López Blanco. Delega e seu voto e cargo na persoa do Vicepresidente do Consello, pola imposibilidade de asistir.

Xefa Territorial de Lugo da Consellería Medio Ambiente Territorio e Ordenación do Territorio

Como Vicepresidente do Consello

Víctor Manuel García García (actúa como presidente acumulando o voto pola delegación da presidenta)

Xefe do Servizo de Patrimonio Natural (en adiante SPN).



Como Vogais:

Secretaria do Consello:

Rocío Carral Sánchez

Xefa da Sección de Caza e Pesca Fluvial

Jesús Ángel Padorno González. Representante en Materia de Sanidade Animal

Manuel Otero Méndez (Abandona a reunión as 13:15 delegando voto no presidente en funcións do Consello. Representante da Secretaría Xeral para o Deporte

Amador Prado Vázquez. Representante da Consellería do Mar

Jacobo Melchor López. Representante de Augas de Galicia

Ignacio Ovalle Fernández. Representante en materia de industria.



No acode a reunión por imposibilidade o/a representante da Axencia de Turismo de Galicia.

Manuel Rodríguez Meira. Delegado Provincial da Federación Galega de Pesca

Arturo Figueiras Árias (Sociedade Val de Lemos). Delega o seu voto no Delegado da Federación Galega de Pesca

Alberto Luengo Rodríguez (Club Dánica)

Representantes das asociacións federadas de pesca fluvial.

Fernando Díaz Castro (Club Os Pinos) Presentase na reunión e delega o seu voto no outro representante das asociacións colaboradoras, Fernando Prieto Romero.

Fernando Prieto Romero (Club Amigos do Parga)

Representantes de entidades colaboradoras de pesca fluvial

Santiago Pérez Espiño (ADEGA)

Fernando Bao Rodríguez (AEMS). Delega o voto no representante de ADEGA, Santiago Pérez Espiño.

Representantes de asociacións naturalistas e ecoloxistas.



Invitado pola presidenta do Consello acude Jesús Latas Zavala, biólogo do SPN

Queda constituído o Consello Provincial de Pesca Continental de Lugo ao estar presentes ou ter delegado o voto 15 dos 16 convocados.

ORDE DO DÍA

- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
- Estudio da normativa da pesca fluvial para a tempada 2022.
- Rolda de intervencións.

DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN:

A sesión iniciouse coa intervención do presidente en funcións do Consello Provincial de Pesca Continental presentándose e dando a benvida aos asistentes, sinalando que esta é a primeira reunión de dito órgano creado pola nova Lei de pesca continental de Galicia,. A continuación, cada un dos membros presentouse ao resto e xustificouse a presenza de aqueles casos nos que é necesario.



1-Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dado que a anterior acta do Comité Provincial de pesca Fluvial foi enviada a todos os membros, o presidente en funcións pregunta se existen alegacións ou consultas á mesma. Non habendo alegacións anteriores a esta reunión, nin consultas neste momento, apróbase a acta do Comité de 15 de outubro de 2020.

2- Estudio da normativa de pesca fluvial para a tempada 2021.

Jesús Latas Zavala biólogo do Servizo de Patrimonio Natural explica os aspectos a tratar dando un repaso xeral a todas as peticións feitas ase como as propostas do propio SPN, despois deste relatorio trátase cada cuestión de xeito detallado:

2.1/ Normativa Xeral:

As propostas do comité no referente aos artigos do 1 a 18 da Orde de Vedas, correspondentes a pesca de todas as especies, son as seguintes (no que non se menciona expresamente non se propoñen cambios) :

- Non facer cambios na apertura da tempada o 3º domingo de marzo.
Aprobado por unanimidade



- Manter o peche da tempada de salmón o 30 de xuño. Aprobado por unanimidade.
- Manter o peche da tempada de troita e reo en masas de augas salmoneiras o 31 de xullo. Aprobado por unanimidade.
- Manter o peche da tempada de troita e reo fóra de augas salmoneiras o 31 de xullo excepto pesca sen morte e intensivos que rematarían o 30 de setembro. Aprobado por unanimidade.
- Ampliar os días de pesca sen morte de xeito xeral (tanto en especies como en tramos), quedando os luns inhábiles, os martes, mércores e xoves para a pesca sen morte (excepto os festivos e nos encoros, coutos intensivos e zonas de desembocadura), e manter os venres, sábados, domingos e festivos en pesca con morte (excepto coutos sen morte e tramos libres sen morte existentes); ou outra fórmula alternativa. Debateuse esta proposta pero non se votou por considerar máis interesante unha das opcións propostas por AEMS de incremento dos tramos sen morte que se explica máis adiante.
- Manter cotas e tallas. Excepto para troita e reo no Eo compartido para os que se aplicará un máximo de catro pezas, das que só dúas poderán ser reos. Apróbase a proposta por unanimidade.
- Asturias propón ampliar a tempada de uso da culleriña para troita e reo ata o 15 de xuño. Apróbase a proposta por unanimidade.
- Asturias en augas compartidas propón descansar os martes en lugar dos luns. Proponse o estudo desta cuestión xa que sería interesante estendela de xeito xeral.



- Eliminar a pesca con peixes artificiais fóra da tempada de troita en encoros (por aplicación do artigo 49 do Regulamento de pesca fluvial). Facer común esta cuestión, no posible, nas catro provincias. Apróbase por unanimidade.
- Aclarar a redacción do parágrafo relativo á pesca con asticot para ciprínidos e facer efectivos os tramos definidos no anexo X fóra da tempada hábil. Apróbase por unanimidade.
- Petición da Asociación Río Cabe para o inicio da tempada coordinada con Castela e León. Xa valorada en outros anos sen que progresase. Non se aproba.
- Retirar a obrigatoriedade para a pesca nos encoros dende embarcación de practicala exclusivamente na modalidade de sen morte. Ou no caso de que se opte por manter a pesca sen morte dende embarcación que esta norma se aplique só para os salmónidos. Apróbase por unanimidade.
- Retirar temporalmente a posibilidade de pescar ciprínidos todo o ano no tramo establecido a tal fin no río Cabe. Apróbase por unanimidade.
- Subir a talla da troita no couto de Doiras (Petición da sociedade Dánica) a 21 cm. Apróbase por unanimidade.



Propostas da sociedade AEMS Ríos con Vida (Resumo):

A sociedade AEMS aporta un cartafol coa xustificación técnica das súas propostas, o que se pon en coñecemento dos membros do Consello e se facilita para a súa consulta.

- Pesca sen morte nuns tramos propostos por eles, en xeral tramos baixos e medios dos ríos, especialmente tramos libres ata alcanzar case a 10% de tramos para esta modalidade. Apróbase a proposta e propónse o estudo conxunto desta medida para toda Galicia. O delegado da Federación Galega de Pesca abstense, e o resto dos votos foron favorables.
- Proposta de realización dun plan de mellora de hábitats e permeabilidade fluvial. Propónse su estudo á Dirección Xeral de Patrimonio Natural.
- Plan relativo a caudais ecolóxicos, nos ríos Ouro e Landro, en Lugo. Propónse su estudo á Dirección Xeral de Patrimonio Natural.
- Veda do salmón ao non ter plans de xestión. No seu defecto, e cando menos, que a pesca desta especie sexa na modalidade de pesca sen morte (aplicación do Artigo 67.4º do Decreto 130/1997), e aplicación da veda destas especie ao non dispoñer de plans de xestión para as mesmas. Propónse o seu estudo pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural.
- Uso xeral de anzois sen arponciño, aínda que a modalidade de pesca sexa con morte, co fin de diminuír a mortalidade das capturas



producidas de xeito accidental. Proponse o seu estudo pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

- En zonas de salmón ou reo e troita utilizar só cebos artificiais sen arponciño. Proponse o seu estudo pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Outras sociedades propoñen:

Non poder pescar no interior dos regatos polo deterioro que supón para o seu hábitat. Proposto pola asociación Río Parga. Proponse o seu estudo pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

2.1.4/ Anexo IX -Tramos libres e coutos de pesca sen morte.

- Eliminar tramo de pesca sen morte no couto de Parga entre a presa de Parga e presa do Club Fluvial e poñelo augas abaixo da presa do Club Fluvial e ata a ponte do ferrocarril cunha lonxitude de 1,4 Km (incrementa 1 Km de lonxitude). Proposto pola Sociedade Río Parga. Apróbase por unanimidade.
- Cambiar o actual tramo libre de pesca sen morte no río Ladra por un tramo na parte superior do couto de Begonte cunha redución de 300 mts. Sociedade Río Ladra. Apróbase por unanimidade.
- A Sociedade Dánica propón pasar o couto de Pontes de Gatín á modalidade de pesca sen morte e incrementar o número de permisos a dez. Apróbase por unanimidade o cambio a pesca sen morte. Tras un debate acórdase incrementar o número de permisos a cinco.
- Pasar a condición de pesca sen morte o tramo libre entre os coutos de Doiras e o de Pontes de Gatín. Sociedade Dánica. Apróbase por unanimidade.



2.5/ Anexo XI- masas de auga vedadas.

- Vedar o Xunco e afluentes. Proposta do SPN. Apróbase por unanimidade.
- Eliminar o vedado que hai en Rego de Moreda. Aprobase por unanimidade pero coa condición de que o vedado pase á categoría de tramo de pesca sen morte.

3.- Rolda de intervencións:

Debate sobre a idoneidade de manter as presa abertas en inverno e pechados no verán, a proposta do representante da sociedade Río Parga.

Solicitud dos representantes das sociedades de maior coordinación entres sociedades de pescadores, ao que a administración amosa a súa disposición a colaborar para que isto ocorra.

O representante das asociacións conservacionistas amosa a súa disposición de colaborar con todas as sociedades de pescadores dándolles apoio técnico.

Ás 14:05 horas a presidencia da por finalizada a sesión.

A secretaria do Consello
(sinatura dixital)

Rocío Carral Sánchez

Vº e praxe:

A presidenta do Consello,
P.A. O vicepresidente
(sinatura dixital)

Víctor M. García García

